

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 25 de outubro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. José Manuel Fernández Pérez

Invitado:

D. David Regades Fernández, non asistiu.

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14,00 horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, non asistiu, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1329).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1330).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMAS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 13000/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 19.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS S.L. (CIF B-36626109) o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración na xestión das

escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (expediente nº 13000-332) por un prezo total de 1.588.800 euros. Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- Darse por enterada dos acordos de non admisión de licitadores adoptados pola mesa de contratación durante a licitación do presente procedemento.

- Na sesión de data 24 de setembro de 2012 se acordou non admitir as seguintes mercantís:

AMIGOS PARA EL DESARROLLO E INVERSIONES DEL NORTE, S.L., e AURORA, PILAR Y ANA, S.L., por falta da clasificación requirida para participar nesta licitación - grupo U, subgrupo 5, categoría C

- Na sesión de data 2 de outubro de 2012 se acordou non admitir as seguintes mercantís:

CLECE, S.A., e a FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISIS por canto non acadaron a puntuación mínima de 25 puntos necesaria para continuar no proceso selectivo segundo o esixido no apartado 8.E) da FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares en relación co disposto no artigo 150.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14,05 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.